CIRCULAR 235

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

MARZO / ABRIL 2012

O VALOR DO TRABALLO

XUNTA DE GOBERNO

Mª Rosa Álvarez Prada
Decana

Hipólito Puente Carracedo
Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web

Concepción Fernández Fernández
Secretaria

Mª Concepción Prado Álvarez
Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable da Biblioteca

Miguel A. Chouza Ponte
Tesoureiro / Responsable de Servizos

José Luis Domínguez Rey
Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop

Ana Mª Fieira Nogareda
Vogal / Vogalía do Social

Antonio González Fernández
Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía

Ana Isabel Martínez Arranz
Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)

Eva Muíño Gómez
Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade

José Manuel Oreiro Blanco
Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía

Mª Concepción Rodríguez Pérez
Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Vogalía de Dinámica Sociocultural

Víctor Manuel Torrado Oubiña
Vogal / Vogalía de Formación

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a Nº 236 de maio/xuño de 2012,
e sairá a principios do mes de xullo de 2012.
A información terá que ser remitida como data límite o 15 de xuño, polo que os Cursos, Xornadas e Congresos terán que empezar a partir de agosto inclusive.

ÍNDICE

5 **Información Xeral**

12 **Información das Seccións**

18 **Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)**

20 **Comisión de Ética e Deontoloxía**

22 **Últimos/as Colexiados/as de Galicia**

Traballo, reformas e incertezas…

Poucos lembramos a Lewis Hinde, aínda que todos e todas nos temos recreado nas súas imaxes e, a través delas, compartido as súas reivindicacións. Todo un documentalismo social dunha época marcada polas condicións sociais e laborais dun pasado aínda non esquecido. Poucas persoas lembran quen era, porén, moitas se detiveron ante as súas fotografías, retratos icónicos, testemuña da épica do traballo e da desigualdade. Unha balada dedicada ás miradas, á dignidade, ao esforzo humano e ao valor do traballo, que non sucumbe ao paso do tempo.

Agora, nestes tempos que corren, falamos de reformas laborais, de fusións nada inocentes, de fantasías vinculadas ás amnistías fiscais, de axustes e expedientes de regulación de emprego. Discútese sobre a complexidade das fórmulas contractuais, das políticas do mercado de traballo, de proxectos para emprendedores e de como queda redactado o Estatuto dos Traballadores. Nestes tempos que corren, interpelamos sobre os convenios colectivos, as reestruturacións e a ortodoxia europea. E fálase, discútese e interpélase nun decorado con mensaxes e argumentos contraditorios que crean alarma e continuos desvíos nas expectativas da cidadanía. Son os tempos de incerteza, de precariedade laboral e de fermosos catálogos de eufemismos.

Cada mes saen do sistema miles de persoas sen emprego e sen protección. Isto obríganos a pensar se as reformas son ou non, inocuas. Poucas liñas de acción económica, social e laboral, son tan incertas como as que impregnan aquelas reformas que levan á amputación dos dereitos e servizos básicos. Son os ecos de políticas unilaterais. A discusión existe. A marxinación crecente tamén. A realidade cambiou. A realidade enmárcanos.

AVISO

Unicamente se envían as comunicacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia por correo electrónico.

Se aínda non facilitaches un enderezo de correo electrónico para recibir a correspondencia do COPG por e-mail, pregámosche que a fin de enviarche dita información nos facilites o teu correo electrónico á maior brevidade posible, senón NON poderás recibir información do Colexio.

Efectivamente, son tempos de incerteza, de cambios acelerados, ás veces sen sentido, que pouco a pouco van provocando o derrubamento de procedementos e políticas lóxicas no ámbito laboral e do emprego. Por tanto, fracturando o benestar da cidadanía. Está claro: calquera reforma laboral non é inocua.

Nestes tempos de decisións atropeladas baseadas en criterios de urxencia (e de urxencias ideolóxicas), nós como profesionais, temos que acudir ao sentido de responsabilidade social nas nosas intervencións, e ir sorteando as consecuencias das novas (que non innovadoras) políticas sociolaborais. Debemos converternos en elementos estabilizadores e panca de apoio para as persoas que han soportar os efectos da situación. Temos que adoptar perspectivas éticas que nos sirvan de guías de actuación, que deben ter en conta os intereses dos afectados e afectadas e atender ás fendas do seu benestar, educación e atención sanitaria.

Lewis Hine, cargado de sensibilidade, inmortalizou as extremas condicións laborais nos albores dó século pasado. Quedamos prendados daquelas imaxes do Empire State Building. Foi a conxunción da estética e a toma de conciencia para poñer en valor a dignidade, o respecto, a saúde e a protección da peza esencial das organizacións, os traballadores e traballadoras. Admirable elegancia para retratar e denunciar as condicións laborais e de vida, a carga da dor e a desigualdade. Exquisita forma de evidenciar e condenar as prácticas derivadas de políticas aplicadas sen rubor en distintos escenarios laborais. Testemuños irrefutables que nos teñen que servir como exemplo da dignidade que o traballo confire ao ser humano.

Fagamos o mesmo. O noso compromiso non exclúe a reacción. É unha forma de evitar que nun futuro, non moi afastado, se faga unha retrospectiva con imaxes similares que evoquen as vivencias actuais. En calquera bucle destes tempos, se non hai outras visións e alternativas, podemos regresar ao mundo de Hine. A realidade pódenos retratar.

http://www.mapfre.com/fundacion/es/exposiciones/cultura/videos-conferencias-lewis-hine.shtml

http://www.youtube.com/watch?v=gRtK6lEzuJQ

http://www.vanitatis.com/fotos/2012/construyendo-empire-state-20120213-21718-album.html

Relacións institucionais

O COPG foi convidado pola Ordem dos Psicólogos Portugueses ao seu 1º Congresso Nacional, celebrado en Lisboa do 19 ao 21 de abril. Asistiron a Decana, Mª Rosa Álvarez Prada, e a Secretaria do COPG, Concepción Fernández Fernández. Neste marco mantiveron un encontro con representantes da Ordem coa fin de abrir novas vías de colaboración entre ambas institucións.

Momento do Congreso

En representación do Colexio

Rocío Trastoy García

A Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero do COPG, Rocío Trastoy García, participou no acto de presentación da Federación Movemento Grito en Silencio, celebrada o 28 de febreiro na Coruña, e no que presentou o traballo que está a desenvolver o Programa.

O Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra, asistiu o 21 de marzo á reunión do Consello Galego de Saúde da Xunta de Galicia.

O Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, asistiu ás reunións do Pleno e da Asemblea Xeral Ordinaria da Unión Profesional de Galicia, celebradas o 22 de marzo en Santiago de Compostela.

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, acompañada do Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica, Xavier Sardiña Agra, da Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa, Olegaria Mosqueda Bueno, da Presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica, Carmen Morell Muñoz, da Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, Mª Jesús López Cernadas e da Vogal da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, Mª Concepción Prado Álvarez do COPG, impartiron unha charla de orientación, dirixida ao alumnado que remata os estudos de Psicoloxía, co obxectivo de ofrecerlles unha visión xeral dos perfís profesionais da Psicoloxía nos distintos ámbitos de traballo. O acto tivo lugar o 17 de abril no salón de actos da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

A Vicesecretaria do COPG, Mª Concepción Prado Álvarez, participou na Mesa Redonda "Estudos de Grao en Psicoloxía", no marco das XIX Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional, organizadas polo Concello da Coruña e celebradas na Coruña o 18 de abril.

Xavier Sardiña Agra

Momento da charla

Mª Concepción Prado Álvarez

AVISO

O Colectivo de Afectados de Fibromialgia (CAF) da zona sanitaria de Pontevedra buscan a alguén que desexe colaborar altruistamente coa súa asociación. Posibilidade de posterior contratación. Máis información en cafpontevedra@yahoo.es ou no teléfono 677 490 013.

O COPG e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos

Concepción Rodríguez Pérez

A Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de COP, que se celebrou en Madrid o 10 de marzo. A esta mesma reunión asistiu como convidada do Consejo a Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada.

A Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade do Consejo General de COP, que se celebrou en Madrid o 24 de marzo.

Mª Jesús López Cernadas

A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Mª Jesús López Cernadas, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía da Intervención Social do Consejo General de COP, que se celebrou en Madrid o 14 de abril. A esta mesma reunión asistiu como convidada do Consejo a Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada.

A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Mª Jesús López Cernadas, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía do envellecemento do Consejo General de COP, que se celebrou en Madrid o 21 de abril.

AVISO

Renovación do convenio coa Correduría de Seguros Broker's 88

Este ano produciuse unha nova revisión e renovación do convenio asinado coa Correduría de Seguros Broker's 88 no que se acadaron melloras nas condicións e coberturas do mesmo. Máis información na páxina web do COPG www.copgalicia.es/PDF/Carta_Brokers_de_adhesion_galicia_galego_2012.pdf

Proceso de selección

Programa Abramos o círculo, de Atención Psicolóxica a Homes con Problemas de Control e Violencia no Ámbito Familiar

Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero

Tras a recente sinatura do convenio correspondente ao ano 2012, a Xunta de Goberno do COPG convoca un novo proceso selectivo para a incorporación de novos psicólogos e psicólogas habilitados.

Con tal motivo, solicítase ás e aos profesionais interesados fagan chegar ao COPG un escrito manifestando o seu desexo de participar no proceso de selección especificando para que programa ou programas pretende a incorporación, e adxuntando currículum e fotocopia simple da documentación acreditativa dos méritos alegados.

Ao igual que en convocatorias anteriores, seguiranse os seguintes criterios:

- A selección será realizada pola Xunta de Goberno do COPG co asesoramento dun Comité nomeado ao efecto.
- Selección en base a experiencia profesional (mínimo 3 anos) e formación (mínimo 100 horas), valorándose de xeito especial a relacionada coa problemática implicada no obxecto dos Programas.
- Exercicio legal da profesión.
- Dispoñibilidade de horario ampla e axilidade na atención.
- Compromiso escrito de seguimento do protocolo dos Programas.
- Compromiso de asistencia a cursos de formación organizados dentro dos Programas.

O prazo límite para a recepción de solicitudes será o 25 de maio de 2012.

AVISO

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

Os/As interesados/as a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

Asemblea Xeral Ordinaria de Colexiados e Colexiadas do COPG

O 27 de marzo tivo lugar na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia sesión ordinaria da Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG. Nela aprobáronse a Conta de Resultados e o Balance de Situación a 31 de decembro de 2011 así como a Memoria de Actividades do Colexio en 2011.

Momento da Asemblea

AVISOS

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Títulos de Licenciatura en Psicoloxía

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro. Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para arquivar no seu expediente colexial.

Sinatura do Convenio de colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade

Levouse a cabo un ano máis a sinatura do Convenio de Colaboración para 2012 entre a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de

xénero e, complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.

Reunión da Comisión Permanente cos Presidentes e Presidentas das Seccións Profesionais do COPG

O Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, mantivo o 22 de marzo unha reunión cos Presidentes e Presidentas das Seccións Profesionais do Colexio na que, entre outros temas, trataron sobre a situación actual de cada unha das Seccións así como o seguimento das actividades das mesmas no primeiro trimestre de 2012.

Reunión co Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia

Mª Rosa Álvarez Prada

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, mantivo na sede do COPG unha reunión coa Presidenta do Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia. Nesta reunión, que tivo lugar o 20 de marzo, trataron sobre os recortes públicos que se están a levar no eido social e sobre posible medidas conxuntas a levar a cabo ao respecto.

Hipólito Puente Carracedo

Reunión coa Federación Galega de Dano Cerebral

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, e o Vicedecano, Hipólito Puente Carracedo, mantiveron o 17 de abril na sede do COPG unha reunión con representantes da Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE). Dita reunión tivo como eixo central a presentación no COPG da Federación e a posibilidade de colaboracións entre ambas entidades.

Premios Lafourcade 2012

A Fundación Lafourcade-Ponce para o Benestar Psicolóxico convocou os premios Lafourcade 2012 mas súas modalidades de investigación e de aplicación sobre o benestar psicolóxico e a psicoloxía positiva e a súa aplicación no desenvolvemento humano e fomentar así a achega que a Psicoloxía pode facer á sociedade. As bases pódense consultar na páxina web http://www.lafourcadeponce.org

Medios de Comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=2 e www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=3.

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección, Comisión ou Grupo de Traballo* do COPG antes do 15 de cada mes par.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

Curso "Marco de intervención con nenos e nenas e as súas familias"

Os días 16 e 17 de marzo tivo lugar no Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) de Lugo o curso "Marco de intervención con nenos e nenas e as súas familias". Foi coordinado por **Xavier Sardiña Agra**, Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG e impartido por **José Luis Rodríguez-Arias Palomo**, Psicólogo Clínico da Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e por **Mariano Carrero Moure**, Psicólogo Clínico do Hospital de Burela. Inscribíronse un total de 33 persoas que valoraron moi positivamente o seu desenvolvemento.

Momento do Curso

Formación

A Sección está traballando na programación dos vindeiros cursos. Neste momento podemos adiantar a seguinte información que poderedes atopar ampliada e actualizada no apartado de novas da Sección de Psicoloxía Clínica da páxina web do Colexio www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=41.

- Curso "Psicoterapia en adolescentes". Tense previsto celebrar no Hospital de Oza (A Coruña) os días 22 e 23 de xuño. Será impartido por **Valentín Escudero**, Profesor Titular do Departamento de Psicoloxía na Universidade da Coruña, e coordinado por **Áurea Losada Quintairos**, Vogal da Sección de Psicoloxía Clínica.
- Curso "Violencia filio-parental". As datas previstas para a súa celebración son o 19 e 20 de outubro en Vigo. Será impartido por **Manuel S. Lopo Lago**, Terapeuta no Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión de psicólogo/a, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos/as.

AVISO

Rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio, deberedes aportar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

Xénero do COPG e coordinado por **Rosa Cerqueiro Landín**, Secretaria da Sección de Psicoloxía Clínica.

- Curso "Medos, fobias e terrores infantís". Será impartido en Pontevedra no mes de xaneiro de 2013 por **Teba Gurpide Laspalas** e **Raquel Espantoso San José**, ambas Psicólogas no Gabinete Agarimo de Pontevedra.

Tamén estamos desenvolvendo un **programa de formación continua en Psicoloxía Sanitaria** do que vos iremos informando en próximas circulares e a través da páxina web do Colexio. Lembrarvos que podedes dirixir as vosas suxestións á Sección de Psicoloxía Clínica do COPG sobre as temáticas para a realización de novos cursos.

Grupo de Traballo en Psicoterapias

O Grupo de Investigación sobre Procesos e Resultados en Psicoterapia segue investigando nas variables claves no proceso psicoterapéutico. As persoas interesadas en participar nesta nova etapa poden poñerse en contacto coa súa coordinadora Mª Soledad Filgueira Bouza,a través do seu correo electrónico: MA.Soledad.Filgueira.Bouza@sergas.es.

Revista oficial da Sección

Os Anuarios publicados ata agora pódense consultar no apartado de Publicacións da Sección de Psicoloxía Clínica da páxina web do COPG no seguinte enlace www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=40.

Regulación da Psicoloxía no ámbito sanitario

A Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública, recolle na disposición adicional sétima a regulación da Psicoloxía no ámbito sanitario. As persoas interesadas poden consultar o seu contido a través do seguinte enlace da páxina web do Colexio www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=586.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Clínica da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=36

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

No ámbito dos Servizos Sociais hai un cambio de financiamento por parte da Xunta de Galicia segundo se especifica no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais comunitarios e a súa financiación publicado no DOG Nº 63 do 30 de marzo de 2012, nas disposicións xerais (Consellería de Traballo e Benestar).

Recordar que a Sección ten en funcionamento un grupo de traballo permanente de estudo de temáticas relacionadas co traballo do profesional da psicoloxía que desenvolve a súa labor nos concellos e tenta impulsar un traballo en rede, a actualización e avaliación da metodoloxía de traballo empregada, dar visibilidade e labor profesional neste eido así como promover as relacións cos organismos e entidades relacionadas cos Servizos Sociais ademais de potenciar a formación e investigación neste campo. Calquera achega de profesionais interesados neste tema poden dirixirse ao Colexio.

Lembrar aí mesmo, que na páxina web do Colexio, dentro do apartado de documentación da Sección de Psicoloxía da Intervención Social están dispoñibles novos documentos que pensamos que poden ser útiles para o desenvolvemento da labor profesional www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=66.

Formación

Dentro das actividades programadas para este semestre, realizarase un curso que levará por título "Deseño e proxectos de intervención social" os días 1 e 2 de xuño.

Información

O 29 de abril celebrouse o Día Europeo da Solidariedade Interxeracional e este ano é o Ano Europeo do Envellecemento Activo e a Solidariedade Interxeracional. Invitamos a calquera

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuíto reservado para que os/as colexiados/as poidan insertar anuncios por palabras, sobre aluguer, compraventa, ou para compartir despachos profesionais.

- Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.
- O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.
- Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: "Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000".

profesional que teña previstas realizar actividades referidas ao envellecemento activo ao longo do ano 2012, que se comunique coa Sección se lle interesa a colaboración.

Tamén se invita a calquera profesional interesado no tema a enviar un artigo referido as achegas que desde a psicoloxía poden contribuír a potenciar un envellecemento activo. Está previsto a difusión dos artigos que sexan recibidos.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=63.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Propostas desde a Sección de PTO

Analizadas as propostas e conclusións recadadas no debate celebrado o pasado mes de marzo sobre "Intrusismo e ética no ámbito dos Recursos Humanos", onde participaron membros da Comisión de Ética e Deontoloxía do COGP, un representante de empresas ETT, colexiados e colexiadas da Sección e o Valedor dos colexiados do Colexio, enviarase un informe á División de PTORH do Consejo General de COP de cara a que se aborde e se de resposta a problemática e os contidos no itinerario da acreditación profesional e nos escenarios da orientación laboral, tamén sobre a Acreditación do Psicólogo Experto en Coaching, o uso das probas psicométricas nos procesos de selección e no ámbito da intervención na saúde ocupacional.

A conclusión final do citado encontro de profesionais e subliñada polo Valedor dos colexiados e colexiadas do COPG, fixo especial énfase en que "só o rigor científico e a rectitude ética abrirá

espazos na nosa profesión, sendo o modo de afrontarse e superar os ataques desde o intrusismo e con iso fortalecer os principios da nosa profesión como servizo público de calidade".

Foro "Liderado nas organizacións"

Con motivo da celebración das xornadas da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG tivo lugar o pasado 14 de abril o Foro "Confianza, persoas e liderado nas organizacións", que foi coordinado e presentado por **José Luis Domínguez Rey**, Coordinador da Sección de PTO.

O tema das "métricas do liderado" foi abordado polo responsable do Centro de Formación PSA Peugeot-Citroën, **Julio Iglesias Rodríguez**, que disertou sobre as distintas maneiras de exercer o liderado persoal, organizacional e o "coach". A xornada contou coa presenza de **José Luis Rodríguez-Arias Palomo**, Presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG que atendendo aos principios éticos e desenrolos normativos do Código Deontolóxico presentou os puntos básicos para exercer "un liderado desde a ética". www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=630.

DIVISIÓN PTORH

Segue aberta a inscrición para ingresar na División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos do Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos.

Máis información: www.cop.es/ptorh

Momento da Xornada

Outras informacións

- Congreso Internacional de PTO
  Braga. Portugal.
  12-13 de xullo de 2012.
  Tema: Trabas, riscos psicosociais e saúde.
  Información: www.congressos.facfil.eu
- Conferencia Internacional sobre ciencias sociais interdisciplinares
  Barcelona.
  25-28 de xuño de 2012.
  http//lescienciassociales.com/conference-2012/

- Queda arquivado en formato papel e en CD a *"Guía técnica y de buenas prácticas en reclutamiento y selección de personal"* (COP Madrid). Os colexiados e colexiadas membros da Sección poden solicitar un exemplar na administración do COPG.
- Recoñecemento por parte da Fundación para la Ciencia y la Tecnología a la "Revista de Psicología del Trabajo y de las Organizaciones" (COP Madrid). http://www.copmadrid.org/webcopm/resource.do.
- Participación nas "Xornadas sobre acoso laboral"
  O pasado 27 e 28 de marzo, nas xornadas multidisciplinares sobre o acoso laboral organizadas pola Escuela Universitaria de Relaciones Laborales (Lugo), **Carlos Montes Piñeiro**, Coordinador do Grupo de Traballo en Saúde Ocupacional da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, presentou o relatorio "Ferramentas organizacionais de detección do acoso laboral". A súa intervención centrouse na descrición dos indicadores que evidencian o fustrigamento analóxico no ámbito laboral e na presentación dun modelo de intervención para abordar o risco do acoso nas organizacións.

  Podedes atopar máis información relacionada co Grupo de Traballo en Saúde Ocupacional no enlace www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=609.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=81

Curso "Comunicación de malas noticias"

O pasado 13 e 14 de abril tivo lugar este curso de formación interna para os membros do GIPCE na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Foi impartido por **Beatriz Odriozola Farré**, Psicóloga Clínica, Experta en trauma e situacións de do complicado e Psicóloga do Servizo de Atención Psicolóxica en Emerxencias (SAPE) do Col·legi Oficial de Psicòlegs de Catalunya en convenio co Sistema de Emerxencias Médicas (SEM). É tamén colaboradora da Unidade de Accidentes da Garda Urbana de Barcelona na comunicación de malas noticias.

O curso foi coordinado por **Mª Luz Losada Somoza**, membro da Coordinadora do GIPCE, e os obxectivos foron dar a coñecer aos/ás participantes os métodos e estratexias de comunicación de malas noticias, que puideran integralas na bagaxe de recursos persoais de cara a enfrontarse a este labor con total seguridade tanto individualmente e como en equipo.

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Momentos do Curso de Comunicación

Formación

- *Curso "Intervención psicolóxica nunha catástrofe sísmica. Descrición da experiencia de Lorca"*

O vindeiro 1 e 2 de xuño está previsto levar a cabo o curso sobre a intervención psicolóxica tras o terremoto de Lorca (Murcia) na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), que está situada na Estrada.

O curso saíu publicado no DOG o pasado 18 de abril, igual que todos os que organiza a AGASP, e as persoas interesadas deberán inscribirse a través da páxina web da AGASP, tal e como explicamos no díptico informativo do curso. Máis información: www.copgalicia.es/NovaVer.asp?id=657.

Declaración da renda

Serán gastos a deducir as cotas colexiais, ata un máximo de 500€. Máis información na Asesoría Fiscal do COPG:

José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

Cotas 2º semestre

O vindeiro 1 de xullo pasarase ao cobro o recibo correspondente ao 2º semestre de 2011.

Informacións

◻ *Posta en funcionamento do acordo de activación co 061*

O protocolo de colaboración entre o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG e o 061 está vixente desde o pasado 6 de marzo. A través deste protocolo empezarán a activar ao GIPCE nas situacións críticas que temos xa estipuladas e acordadas con eles e co 112. Deste xeito o persoal técnico do 061 poderán pedirnos tanto asesoramento sobre algunha situación concreta, e o mesmo pola nosa parte, e a intervención cando ambas partes o consideremos necesario. A activación como sempre será a través do 112.

Alertas e intervencións

Pódese consultar a información correspondente as últimas intervencións do GIPCE no enlace da páxina web www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=213.

Enlace ao apartado do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=203

SERVIZO GRATUÍTO de consulta para colexiados/as

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

ASESORÍAS

XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601
[Martes de 17.00 a 20.00 horas]
Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com

FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770
[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

Interpretación do Artigo 25 do Código Deontolóxico do Psicólogo

Artigo 25: “Cando se faga cargo dunha intervención sobre persoas, grupos, institucións ou comunidades, o/a Psicólogo/a ofrecerá a información adecuada sobre as características esenciais da relación establecida, os problemas que está abordando, os obxectivos que se propón e o método utilizado. No caso de menores de idade ou legalmente incapacitados, farase saber aos seus pais ou titores. En calquera caso, evitarase a manipulación das persoas e tenderase cara á consecución do seu desenvolvemento e autonomía”.

A xuízo da Comisión de Ética e Deontoloxía do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG), o artigo 25 obriga aos e ás profesionais da Psicoloxía a informar aos usuarios e usuarias dos seus servizos sobre catro aspectos da intervención psicolóxica: a relación, os problemas, os obxectivos e o método.

Se se exerce a profesión dentro do ámbito sanitario este artigo ven refrendado pola posterior Lei básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, que no seu artigo 4.1 di “Os pacientes teñen dereito a coñecer con motivo de calquera actuación no ámbito da súa saúde, toda a información dispoñible sobre a mesma, salvando os supostos exceptuados pola Lei”. E máis adiante segue “… comprende, como mínimo, a finalidade e natureza de cada intervención, os seus riscos e as súas consecuencias”.

O artigo 25 do Código Deontolóxico especifica a continuación que cando a intervención psicolóxica se fai sobre unha persoa menor de idade, ademais de a el ou a ela, hai que informar aos seus proxenitores ou titores.

É dicir, neste artigo fálase de que os pais teñen dereito a seren informados, pero non di nada sobre que teñan que outorgar consentimento para facer unha intervención psicolóxica sobre un menor.

Este é un matiz que o COPG considera importante. O citado artigo non pon como requisito que os pais outorguen consentimento; solo que sexan informados.

Desde unha perspectiva máis Ética que Deontolóxica parece razoable que os pais estean de acordo e outorguen o seu consentimento para calquera intervención psicolóxica que se faga sobre un ou unha menor, aínda que en sentido estrito o actual Código Deontolóxico non se pronuncia ao respecto.

Por outro lado, o artigo 156 do Código Civil di que "A patria potestade exercerase conxuntamente por ambos proxenitores ou por un solo co consentimento expreso ou tácito do outro". E máis adiante "(...) respecto a terceiros de boa fe, presumirase que cada un dos proxenitores actúa no exercicio ordinario da patria potestade con consentimento do outro". E aínda máis: "Se os pais viven separados, a patria potestade exercerase por aquel con queno fillo ou filla conviva".

A educación entra dentro do ámbito da patria potestade (art. 154 do Código Civil) e a saúde pode considerarse dentro da expresión "velar por eles" dese mesmo artigo, aínda que non se faga mención explícita a ela. Por tanto, hai que entender que o obxecto da maior parte das intervencións psicolóxicas sobre menores afectan ao exercicio da patria potestade. En consecuencia, cando a demanda parte dun solo dos proxenitores, o ou a profesional da psicoloxía –terceiro de boa fe– ten que supoñer que o proxenitor está exercendo a patria potestade co consentimento do outro. Se non fora así, pódese deducir que o proxenitor que solicita a intervención sobre a saúde do seu fillo ou filla menor é quen ten a obriga de obter o consentimento do outro.

De novo desde unha perspectiva ética, se o profesional sospeita que puidera no ser así, incluso se ten a certeza, pode optar por informar ao solicitante dos seus servizos da súa necesidade de obter o consentimento do outro proxenitor. Dentro dunha relación de axuda, pensando no beneficio de todos os implicados nunha situación de conflito e en particular do menor, pode ofrecerse a colaborar para facilitar ao proxenitor-cliente a obtención do consentimento do outro proxenitor.

En resume; desde a perspectiva do COPG o artigo 25 do Código Deontolóxico do Psicólogo obriga aos profesionais da Psicoloxía a informar aos usuarios e usuarias dos seus servizos e, cando estes son menores, ademais obriga a informar aos pais, entendido como termo xenérico que alude a calquera dos dous proxenitores no exercicio das funcións asignadas á súa patria potestade.

ÚLTIMOS/AS COLEXIADOS/AS DE GALICIA

G-4066	Touza Piñeiro, Rita María
G-4539	Fernández Calvo, Yolanda
G-4540	Núñez González, Ana María
G-4541	Martínez Pérez, Leticia
G-4542	Labrador Costela, Irene
G-4543	Fernández Peleteiro, María Paz
G-4544	Rey Blanco, Paula
G-4545	Aparicio Pereira, Ana Belén
G-4546	Sierra Vázquez, Alejandra
G-4547	Torrellas Morales, Clara
G-4548	Muñoz Ávila, Gloria
G-4549	Ruano Melgares, Virginia
G-4550	Martín Hernández, Romen Julián
G-4551	Fraga Miguez, María
G-4552	Picanes Silva, Rosario
G-4553	Abad Miguel, Beatriz
G-4554	Lado Santiago, Lucrecia
G-4555	González Fernández, Elvira
G-4556	Asensio Fuentes, Ignacio
G-4557	Álvarez Penedo, Paula
G-4558	González Martínez, Patricia
G-4559	Soliño Otero, Rosalía
G-4560	González Paz, María
G-4561	Ojea Reyes, Mª Isabel
G-4562	Rodríguez Domínguez, Susana Marta
G-4563	Álvarez de Lis, Teresa de Jesús
G-4564	Eguino Miguelez, Fernando
G-4565	Priegue Patiño, Olalla
G-4566	Rivas Carro, Mario Alberto
G-4567	Alonso Monroy, María Josefa
G-4568	Duarte Sánchez, Pilar
G-4569	Abu Al Hawa Otero, Agar
G-4570	Imbernon Barreiro, Isabel
G-4571	Varela Besteiro, Isabel
G-4572	Carro Suárez, Susana
G-4573	Buján Mera, Ana
G-4574	Cid Guitiérrez, Paula
G-4575	Quintana Hernández, Ana
G-4576	Souto Diéguez, Carolina
G-4577	Domínguez Gondar, Gema

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os/as colexiados/as

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos que se relacionan nesta Circular.

Podedes consultar os Cursos, Xornadas e Congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1

ESTATUTOS
PARA NÓS

DOS DEREITOS E DEBERES DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

FUNCIÓNS E FINS

DA ORGANIZACIÓN DO COLEXIO

DO VALEDOR DOS/AS COLEXIADOS/AS

DO CONSELLO SOCIAL

OBRIGATORIEDADE DE COLEXIACIÓN E DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE SOCIEDADES PROFESIONAIS

EXERCICIO PROFESIONAL

AS SECCIÓNS

DA PARTICIPACIÓN DOS/AS COLEXIADOS/AS

DA COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

DO RÉXIME ECONÓMICO E ADMINISTRATIVO

DO RÉXIME DISCIPLINARIO E DE DISTINCIÓNS

Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

Membro da EFPA
Federación Europea de Asociaciones
Profesionales de Psicólogos

HORARIO

Inverno

De luns a xoves de 9.00 a 14.00
horas e de 16.00 a 21.00 h,
e os venres de 9.00 a 14.00 h

Verán

Do 1 de xuño ao 15 de xullo
De luns a venres de 8.00 a 15.00 h
Martes de 17.00 a 21.00 h

Do 16 de xullo ao 31 de agosto
De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

Do 1 ao 30 de setembro
De luns a venres de 8.00 a 15.00 h
Martes de 17.00 a 21.00 h

D.L.: C 264-2008